

Os Kits Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👉 Básico 👉👉 Medio 👉👉👉 Avanzado



XXXXXX



Nivel Medio 👉👉



POLOS CREATIVOS

**KS-R4-Automatismos Rob Ives
Pescando de pedra en pedra**

Actividade elaborada coa colaboración de Rob Ives

Automatismos 4

Merlo acuático

Nivel Medio 

Achega

- Tesoira
- Coitelo de precisión
- Plóter de corte (alternativa)
- Pegamento
- Pinza da roupa de madeira
- Escarvadentes de madeira
- 2 clips
- Cartón
- Trade manual
- Modelos fotocopiáveis



Indaga

Nunha pequena pinza da roupa podes atopar pancas. As pancas son dispositivos simples que axudan a diminuír a forza aplicada. No caso das pinzas da roupa, estas funcionan como pancas de segundo xénero.

- Como afectaría a localización do punto de apoio á facilidade coa que se poden abrir e pechar?
- Cal é a vantaxe mecánica de ter unha panca de segundo xénero nas pinzas da roupa en comparación con outros tipos de pancas?
- Como podería variar a lonxitude da panca sen afectar a cantidade de forza necesaria para suxeitar a roupa de maneira segura no tendal?
- Sabías que o merlo acuático, cando se pousa sobre unha rocha, balancéase arriba e abaixo e levanta a cola? É un cazador de insectos moi atrevido que camiña dentro da auga en busca do seu alimento.



Segue o código QR do reverso para descargar o material complementario. Precisarás o código alfanumérico para desbloquear o arquivo.

